



Análise FGE

# Plan de recuperación para Europa

En 2020, os 27 aprobaron o maior paquete de estímulo xamais financiado a través do orzamento da UE: un total de 2,017 billóns de euros destinados a reconstruír a Europa posterior á COVID-19 co obxectivo de que sexa máis verde, máis dixital e máis resistente.

O Plan de Recuperación para Europa está composto polo reforzamento do xa existente **Marco Financeiro Plurianual (MFP)** e un novo **Instrumento temporal de recuperación: NextGenerationEU (NGEU)**.

**Fecha de publicación:** xuño de 2021

**Contacto:** [bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu](mailto:bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu)

## 1. Introducción


En xullo de 2020 os líderes europeos chegaron a un acordo sobre o Plan de Recuperación para Europa composto por:

- Un **Marco Financeiro Plurianual (MFP)** reforzado para 2021-2027 e cifrado en 1,210 billóns de euros.
- Un **novo Instrumento temporal de recuperación, NextGenerationEU (NGEU)**, que complementará o MFP con 806.900 M € para axudar á UE a reconstruírse tras a pandemia. Para financiar este novo instrumento, a Comisión Europea obterá préstamos nos mercados a custos máis favorables que moitos Estados membros e redistribuirá os importes.

É o **maior paquete de estímulo xamais financiado a través do orzamento da UE**: un total de 2,017 billóns de euros destinados a reconstruír a Europa posterior á COVID-19 co obxectivo de que sexa máis verde, máis dixital e máis resistente. Trátase dun acordo moi esperado porque as negociacións comezaran hai máis de dous anos e porque deste acordo dependían a conclusión das máis de 30 propostas legislativas que regulan os distintos programas do orzamento comunitario para os anos 21 a 27.

## Next Generation EU (NGEU): estimular la recuperación y la resiliencia

En millones de euros (precios de 2018)



## 2. Antecedentes

1. O MFP necesitaba do visto bo do Parlamento Europeo, que foi obtido finalmente o 10 de novembro. Por primeira vez neste tipo de negociacións, o Parlamento conseguiu aumentar o importe do MFP, concretamente en 16.000 millóns de euros para 10 programas de xestión centralizada, como os novos programas de saúde (EU4Health) ou I+D+i (Horizonte Europa).
2. A Comisión, para poder obter préstamos nos mercados, precisaba aumentar o teito de recursos propios do orzamento comunitario. Un expediente que require a unanimidade no Consello que, nun primeiro momento, non foi posible **pola oposición de Polonia e Hungría á condicionalidade destes fondos ao cumprimento do Estado de Dereito**. En decembro de 2020, desbloqueáronse as negociacións e a Decisión de Recursos Propios foi

ratificada polo Consello. Con todo, a aprobación final por parte dos parlamentos nacionais dos Estados deu lugar a finais de maio de 2021.

3. En caso de obter o acordo unánime, o MFP poñeríase xa en marcha: adopción do orzamento 2021, adopción final dos programas sectoriais, etc.

En xuño de 2021 produciuse con éxito a primeira emisión de débeda da UE no marco do Instrumento NextGenerationEU. A Comisión recadou un total de **20 000 M de euros** a través dun bono a dez anos, que vencerá o 4 de xullo de 2031, tratándose da maior emisión de bonos institucionais realizada en Europa e do maior importe xamais recadado pola UE nunha única operación financeira. Dous meses despois, en agosto de 2021, a Comisión Europea transferiu a España os primeiros **9 000 M** de euros do plan de recuperación España Pode, equivalentes ao **13% de prefinanciación** do orzamento total de 69 500 M de euros correspondentes ao plan español.

A Comisión Europea ten previsto realizar un **segundo desembolso** a España ao longo de 2021, que ascenderá a **10.000 M de euros** polos fitos e obxectivos alcanzados. O calendario de desembolsos semestrais da Comisión permitirá que España reciba entre o 2021 e o 2023 o 80% das transferencias previstas.

### 3. Marco Financeiro Plurianual 21-27

Máis do 50% do importe apoiará a modernización das economías europeas mediante:

- Investigación e innovación, a través de Horizon Europe.
- Transicións climática e dixital xustas, a través do Fondo de Transición Xusta e do programa Europa Dixital.
- Preparación, recuperación e resiliencia, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, rescEU e un novo programa de saúde, EU4Health.

O 30% dos fondos da UE destinaranse á loita contra o cambio climático, a porcentaxe máis alta do orzamento europeo asignado nunca. O paquete tamén presta especial atención á transición dixital, a protección da biodiversidade e á igualdade de xénero.

As políticas tradicionais, como a política agrícola común e política de cohesión, finalmente non sofren grandes recortes e seguen a representar case 2/3 do orzamento:

#### 3.1. A PAC redúcese un 10%

**A PAC redúcese un 10% respecto ao período anterior (2014-2020).** Para España, nas negociacións era unha liña vermella non reducir a súa asignación desta política. De cara ao novo período financeiro, o importe total da PAC será de 343 944 M € o que representa aproximadamente un 31% do MFP fronte ao 35% do período anterior 2014-2020. A PAC distribuirase en dous piares: o piar I corresponden ao FEAGA o cal recibirá 34 124 M € a prezos correntes, e o piar II correspondente ao FEADER que recibirá 8 531 M € destinados ao desenvolvemento rural (incluíndo o complemento para a asistencia técnica e o complemento do NextGenerationEU de 730 M€). No referente a España, o importe da PAC correspondente para o período 21-27 é de 47 724 M €.

### 3. 2. Política de Cohesión

A política de cohesión mantense no nivel do período actual. Malia que Galicia pasa de rexión máis desenvolvida a rexión en transición -dado que o seu PIB retrocede en 10 puntos-, a súa asignación teórica<sup>1</sup> de fondos vese reducida ao deixar de beneficiarse da rede de seguridade que lle fora concedida para o período actual por saír por primeira vez do grupo de rexións menos desenvolvidas. A Xunta de Galicia, apoiada pola Fundación Galicia Europa, alertou sobre esta situación en Bruxelas demandando que as rexións que descendan de categoría non poidan ver reducidas as súas asignacións teóricas. Despois de conseguir que o Parlamento Europeo e o Comité Europeo das Rexións recollesen esta demanda nos seus respectivos posicionamentos, o Regulamento de Disposicións Comúns dos fondos acordado o 1 de decembro recolle finalmente unha invitación aos Estados membros para que teñan este factor en conta á hora de decidir o reparto interno dos fondos. A nivel interno, os Estados teñen total flexibilidade para repartir os recursos entre as rexións dunha mesma categoría, e, no novo período, mesmo máis flexibilidade para transferir cartos entre categorías de rexións. España recibirá 35.376 millóns de euros a prezos correntes (31.388 a prezos de 2018).

### 3. 3. Asignacións totais do MFP 2021-2027

A crise da COVID-19 demostrou que o orzamento da UE debe ser flexible, polo que, fóra do MFP, refórzanse os programas de reserva ante situacións imprevistas e créase un novo fondo para paliar as consecuencias do Brexit:

- **Reserva para solidariedade e axudas de emerxencia:** permite unha axuda financeira rápida da UE cando xurdan necesidades, por exemplo, emerxencias despois de catástrofes graves. Cun importe máximo anual de 1 200 millóns de euros. Galicia ten recibido axuda deste fondo cando a catástrofe do Prestige e noutras dúas ocasións polos incendios forestais.
- **O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización:** proporciona apoio para a reincorporación ao mercado laboral de quen perde o seu posto de traballo como consecuencia de reestruturacións importantes e inesperadas, por exemplo, por mor dunha crise financeira ou económica. Triplicarase o orzamento, cun importe máximo anual de 186 millóns de euros. En España xa se utilizou polo menos 30 veces, e especificamente en Galicia nos sectores téxtil e naval.
- **Reserva de axuste para o Brexit:** concibido para contrarrestar as consecuencias negativas do Brexit nos Estados membros e nos sectores máis afectados. Cun volume global de 5 000 millóns de euros. A FGE está a defender os intereses galegos no deseño deste fondo.
- **O Instrumento de Flexibilidade:** utilízase para gastos claramente identificados que non poden financiarse a través doutras fontes do orzamento sen superar os límites máximos de gasto. Conta cun orzamento de 915 millóns de euros anuais (a prezos de 2018).
- **O Instrumento de Marxe Única:** este instrumento substituirá a tres instrumentos anteriores (a marxe global para compromisos, a marxe global para pagos e a marxe para imprevistos). O importe anual total mobilizado para este instrumento no marco dun orzamento rectificable ou anual non pode superar o 0,04 % da renda nacional bruta (RNB) da UE en compromisos

nin o 0,03 % da RNB da UE en pagos. Tamén debe ser compatible co límite máximo de recursos propios.

#### 4. Instrumento de recuperación europea “NextGenerationEU”

Ante a pandemia, esixiuse unha resposta forte por parte da UE para axudar aos países con menos capacidade financeira para facer fronte as súas consecuencias económicas. Baseado nunha proposta informal de Francia e Alemaña, a Comisión propuxo en maio de 2020 un instrumento extraordinario de recuperación baixo o nome NextGenerationEU que supón un aumento do orzamento plurianual grazas á emisión de débeda pública comunitaria.

Non será a primeira vez que a Comisión emita débeda aproveitando a súa boa cualificación crediticia. O novidoso é que sexa dun importe tan elevado e que se utilice para engrosar o orzamento, canalizando os recursos a través dos seus programas en forma de subvencións, ademais de préstamos.

##### 4.1. Reparto NGEU

O orzamento comunitario pagará os intereses entre os anos 21 e 27, así como o capital do préstamo correspondente ás subvencións entre 2026 e 2058. No caso dos préstamos, serán os Estados membros beneficiarios os que teñan que devolvelos.

Para contribuír ao desembolso do préstamo, a UE comprometeuse a un calendario de introdución de **novos recursos propios**:

- O [recurso propio do plástico](#) entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021 e consiste nunha **contribución nacional baseada na cantidade de residuos de envases de plástico non reciclados**. Espérase que este recurso propio anime aos Estados membros a reducir os residuos de envases e a estimular a transición cara a unha economía circular mediante a aplicación da [Estratexia Europea](#)

[para o Plástico](#). Ao mesmo tempo, deixa aos Estados membros a posibilidade de definir as políticas máis adecuadas para reducir a contaminación por residuos de envases de plástico, en consonancia co principio de subsidiariedade.

- O 14 de xullo de 2021, a Comisión presentou unha proposta de [Regulamento para establecer un mecanismo de axuste de carbono en fronteira](#), polo que se inclúe unha taxa ás **importacións procedentes de países con exceso de emisións de CO2**, e unha [proposta revisada sobre o réxime de comercio de dereitos de emisión \(ETS\)](#), ampliándoo á aviación e ao **transporte marítimo**. Así mesmo, unha proposta sobre o **imposto dixital** está prevista para 2021 e estará acompañada dunha avaliación de impacto. Os dous primeiros deberían aplicarse a principios de 2023.
- A máis tardar en xuño de 2024, a Comisión propondrá novas fontes de ingresos, como un imposto sobre transaccións financeiras, unha achega financeira vinculada ao sector empresarial e unha nova base común do imposto sobre sociedades.

A continuación, descríbense os principais programas nos que se reparte NGEU:

- [Mecanismo de Recuperación e Resiliencia \(MRR\)](#)
- [REACT-EU](#)
- [FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA \(FTX\)](#)
- **PROGRAMAS DE XESTIÓN DIRECTA**